

## ENCOL DA MORTE DE BIEITO

Foi perto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). ¿Sentina ou foi aprehensión miña? Destonces non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto —comprendede, escoitade— polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Maxinade nun intre que eu dixera:

O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nunu babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuiño arredor meu, Apiñoaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

¡O Bieito val vivo, o Bieito val vivo!...

Calaría o lamento da nai e das irmás, e axiña tamén, desacompasándose a gravosa marcha que planxía nos bronces da charanga. I eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah! ¿E si destonces, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asómbro viraríase inconmensurábel e macabre ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmás, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sínistro e único na tarde estantía. ¿Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, como se il estivese a sentir tamén o velaíño boligar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. E non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobéxaño a pregunta nunha surrisa de retrouso, deslicei:

—¿E si o Bieto fora vivo?

O outro rieu picaramente coma quen di: «Que ocorrenzas temos», i eu amplifiquei adrede a miña falsa surnisa de retrouso.

Tamén mé vin a rentes de dicilo nó camposanto, cando xa pousarámo-la caixa e o crego requeneaba.

«Cando o crego remate», pensei. Mais o crego acabou e a caixa desceu á cova sen que eu poidese dicir nada.

Cando o pirmeiro cadulio de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme astra a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de xurdiren. Mais destonces acudeu novamente ao meu maxín a casi seguranza do arrepiante ridículo, da rábea da familia defraudada, si o Bieito se topaba morto e ben morto. Endemais o decilo tan tarde acrescia o

ausurdo desorbitadamente. ¿Como xustificar non o ter dito enantes? ¡Xa sei, sei, sempre se pode un expricar! ¡Si, si, si, todo o que queirades! Pois ben..., ¿e si tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais poidera adeviñarse por algunha sinal? ¡Un crime, si un crime o me ter calado! Ouvide xa o rebumbio da xente...

—¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado!...

—Il sentía chorar, quíxose erguer, non puido...

—Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descer na cova...

—¡Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!

—¡E ise que o sabía, tan campante, aí a surrir coma un pallaso!

—¿É parvo ou que?

Todo o día, meus amigos, andiven tolo de remorsos. Vía ao probe Bieito grafiñando as táboas nise espanto ausoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adormiñados e lonxanos a ouseción do delicto.

E alá pola alta noite —non o puiden evitar— funme camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros.

Ceguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por hedras e silvciras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que ouvín xioume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas

rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí perto había un sacho... Ía xa cara il cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e romor de fala. Viña xente. Destonces si que sería ausurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

¿Ía decir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros.

A lúa era chea i os cans latricaban lonxe.